



Concello de Vilalba

Expediente: 4747/2022

Asunto: Contratación mediante procedemento aberto simplificado (art 159 de la LCSP) e un único criterio de adxudicación, para a prestación do servizo de “**Madrugadores nos centros de educación infantil e primaria do Concello de Vilalba**”.

Departamento: Contratación.

Fecha:10/08/2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO

A presente memoria elabórase en cumprimento dos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, do Contratos do Sector Público, e do Artigo 73 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001.

A.- CPV da prestación:

Principal:

- 85312110-3 – Servizo de cuidado diurno para nenos.

Outros:

- 92000000-Servizos de esparcemento, culturais e deportivos.
- 80410000-1 Servizos escolares diversos

B.- Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación:

A necesidade do presente contrato surxe co fin de alcanzar o seguintes obxectivos:

- Facilitar á cidadanía de Vilalba a conciliación da súa vida persoal, laboral e familiar, atendendo ao alumnado matriculado nos Centros de Educación Infantil e Primaria, contando con persoal especializado.
- Contribuír á educación do alumnado participante no respecto, a tolerancia, a convivencia e a educación en igualdade.

Xustificación da non división en lotes do contrato.

Os servizos obxecto desta contratación serán ofertados pola súa totalidade, non sendo susceptibles de agrupación por lotes. A non división en lotes deste contrato xustifícase en virtude do previsto no artigo 99.3. b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; é dicir, dificultade da execución da prestación desde o punto de vista técnico, de acordo coa propia natureza do obxecto do contrato.

A nivel técnico non é recomendable, xa que ao ter un único adxudicatario, será coñecedor das instalacións e os/as monitores/as coñecerán tamén aos/as nenos/as que estean matriculados

C.- Duración do contrato:

A duración da execución do contrato será 1 ano no cal se prestará o servizo durante os meses de curso escolar, e no seu caso, 1 +1 anos de posibles prórrogas

D.- Xustificación de insuficiencia de medios:





Concello de Vilalba

Para a prestación do servizo de “**Madrugadores nos centros de educación infantil e primaria do Concello de Vilalba**” o Concello non conta de persoal municipal suficiente para atender as funcións que se requiren. A maiores, trátase de funcións específicas e concretas non habituais que só se poden desenvolver por unha empresa de servizos con persoal cualificado e material concreto necesario para o desenvolvemento desta actividade.

E.- Xustificación do procedemento utilizado para a súa adxudicación cando se utilice un procedemento distinto do aberto ou do restrinxido:

O contrato adxudicarase mediante **procedemento aberto simplificado** mediante o único criterio da oferta económica, con arranxo a criterios baseados nunha formulación que atenda á mellor relación custo-eficacia, sobre a base do prezo. Todo elo en base a que as prestracións encóntranse perfectamente definidas tecnicamente e non resulta posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato, sendo por conseguinte o prezo o único factor determinante da adxudicación.

Ao fío do anterior, e especificamente no ámbito local, cumpre sinalar o artigo 167.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o cal indica que «*A tramitación dos expedientes simplificarase canto sexa posible*», sendo nesta ocasión necesario simplificar o procedemento de adxudicación do presente contrato debido á premuta na formalización do mesmo antes do inicio do curso escolar.

F.- Obxecto do contrato.

O servizo “**MADRUGADORES**” é un programa educativo promovido polo Concello de Vilalba, ao abeiro da normativa local vixente e das disposicións en materia educativa sobre cooperación na realización de actividades e servizos complementarios.

O servizo está dirixido ao alumnado de Educación Infantil e Primaria dos centros educativos públicos do Concello de Vilalba.

G.- Orzamento base de licitación:

O orzamento máximo anual de licitación é de **21.831,14€** (exento de IVE).

De acordo con o establecido no artigo 100.2 da LCSP, achégase desagregación do orzamento base de licitación:

	CURSO 22-23	CURSO 23-24	CURSO 24-25	CUSTO MEDIO
CUSTOS PERSOAL	13.266,16	13.464,28	13.464,28	13.398,24
OUTROS CUSTOS	4.190,00	4.204,67	4.219,38	4.204,68
TOTAL CUSTOS	17.456,16	17.668,95	17.683,66	17.602,92
GASTOS XERAIS	2.967,55	3.003,72	3.006,22	2.992,50
Bº INDUSTRIAL	1.225,42	1.240,36	1.241,39	1.235,73
TOTAL CUSTOS	21.649,13	21.913,03	21.931,28	21.831,14
CUSTO DÍA	121,62	123,11	123,21	122,65
CUSTO DÍA/AULA	40,54	41,04	41,07	40,88

H.- Valor Estimado del Contrato:

O valor estimado resulta de sumar o importe fixo do contrato (un ano), as dúas posibles prórrogas e unha posible ampliación dun 20% e todo iso sen IVE.





Concello de Vilalba

ANUALIDADE 1	PRÓRROGA 1	PRÓRROGA 2	MODIF PREVISTA (20%)	VALOR ESTIMADO
21.831,14	21.831,14	21.831,14	13.098,69	78.592,12

I.- Criterios de adxudicación:

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a un único de criterio de adxudicación en base á mellor oferta económica

Os criterios que serven de base para a adxudicación do contrato, conforme a seguinte ponderación son:

Criterios cuantificables a través de fórmula:

* Oferta económica: **100 puntos**.

Valoración da oferta económica presentada pola empresa realizándose a **mellora mediante baixa respecto ao orzamento base de licitación**, e segundo a seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación económica (PE)} = 100 \times \frac{\text{Oferta presentada } | \text{€} | \text{ mais baixa}}{\text{Oferta presentada } | \text{€} | \text{ pola empresa}} =$$

Criterios de desempate:

Aplicaranse os criterios de desempate enumerados no artigo 147.2 la Lei 92017 LCSP.

J.- Presentación de ofertas:

A presente licitación, ten exclusivamente carácter electrónico, polo que os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas, obrigatoriamente, de forma electrónica, a través dos servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público, no prazo fixado na presente cláusula deste prego.

A utilización destes servizos supón:

- A preparación e presentación de ofertas de forma telemática polo licitador.
- A custodia electrónica de ofertas polo sistema.
- A apertura e avaliación da documentación a través da plataforma.

De conformidade co disposto no art. 159.4 LCSP todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando cumpra de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrência.

No presente procedemento de licitación non se admitirán aquelas ofertas que non sexan presentadas a través dos medios descritos.

A oferta electrónica e calquera outro documento que a acompañe deberán estar asinados electrónicamente por algún dos sistemas de firma admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas .





Concello de Vilalba

Para garantir a confidencialidade dos contido dos sobres electrónicos ata o momento da súa apertura, a Ferramenta cifrará sobres no momento do seu envío telemático á plataforma de contratación do Sector público.

As empresas presentarán a documentación referida á licitación en DOUS SOBRES ELECTRÓNICOS que deberán conter o ANEXO III, o Programa e características técnicas do servizo (campamentos) e o ANEXO IV do presente prego, toda ela, redactada en lingua galega ou castelá. A documentación redactada noutra lingua deberá ir acompañada da correspondente tradución oficial para a lingua galega ou castelá.

Os dous sobres electrónicos, presentaranse no prazo de **15 días naturais** a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante deste Concello situado na Plataforma de Contratación do Sector Público de acordo co artigo 159.3. b) da lei 9/2017 LCSP.

As comunicacións e notificacións realizáanse por medios electrónicos a través de comparecencia electrónica na Plataforma de Contratación do Sector Público. Os prazos para contar desde a notificación computáanse dende a data de envío da mesma ou do aviso de notificación, sempre que o acto obxecto de notificación publicouse o mesmo día no perfil de contratante do órgano de contratación.

Os licitadores poderán obter copia do presente Prego e do Prego de Prescricións Técnicas no perfil de contratante do Concello de Vilalba, situado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<http://www.contrataciondelestado.es>).

Cada interesado poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato.

O empresario que presentase oferta en unión temporal con outros empresarios non poderá, a súa vez, presentar oferta individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación.

O incumprimento das normas contidas nos dous números anteriores dará lugar á inadmisión de todas as ofertas subscritas polo licitador.

Os documentos e datos presentados polos licitadores poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos ou prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar esixidos para contratar coa Administración será o día de finalización do prazo de presentación das proposicións e subsistirá no momento da formalización do contrato.

En todo caso, o órgano de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que a licitadores achegan documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato.

Documento asinado dixitalmente pola S. S^a alcaldesa dona María Elba Veleiro Fernández na data indicada na firma dixital da marxe

